



# BOP

VENRES, 26 DE FEBREIRO DE 2021 N.º 046

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

#### Anuncio

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto "Subestación Colectora Xeración 132/400 kV Ludrio e Liña Colectora Ludrio Eixe Sur: Tramo 1, 132 kV - SET Ludrio - SET Parque Eólico Monciro". Expediente IN407A 2017/6-0. Beneficiaria: Naturgy Renovables S.L.U.**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución ditada polo Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

EQUIPO 1			
DÍA	HORA	FINCA	LUGAR
26/04/2021	09:00	33	CENTRO SOCIOCULTURAL DO CONCELLO DE POL
	10:00	34	
	11:00	35	
	12:00	36	
27/04/2021	09:00	49	
	10:30	50	
	12:00	51	
28/04/2021	09:00	64	
	10:00	65	
	11:00	125	
	12:00	184	
29/04/2021	09:00	223	
	09:30	70	
	10:30	217	
		218	
11:30	80		
	124		
30/04/2021	09:00	147	
	10:00	55	
	11:00	164	
242			

EQUIPO 2			
DÍA	HORA	FINCA	LUGAR
26/04/2021	09:00	47 211 212 220 234 244	CASA DO CONCELLO DE POL
27/04/2021	09:00	141	
	09:30	82 94	
	10:30	232 233 240	
28/04/2021	09:00	127	
	09:30	52 53 81 83 148	
29/04/2021	09:00	86	
	09:30	71	
	10:00	56 90 131 226	
30/04/2021	09:00	237	
	10:00	85	

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos realizaranse nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm. 351 de 17 de decembro), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957 (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0451

## CONCELLOS

### BEGONTE

#### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2021, o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF), de conformidade co disposto no artigo 83, da Lei 39/ 2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas expónse ao público polo prazo de vinte (20) días hábiles - contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín oficial da Provincia - aos efectos do seu exame e presentación das reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Begonte, a 19 de febreiro de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0452

## CHANTADA

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 16/02/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xaneiro 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xaneiro do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 16 de febreiro de 2021 ata o día 15 de abril de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 17 de febreiro de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0453

## FOZ

### *Anuncio*

#### **SELECCIÓN DE PERSOAL**

- Por parte deste Concello vaise proceder á contratación laboral temporal dentro do PROGRAMA DE PUEMPREGO de **Tres prazas de peóns operarios de servizos múltiples por un período de 6 meses e 1 praza de peón condutor por un período de 7 meses, a xornada completa.**
- **Unha praza de auxiliar de servizos múltiples por un período de 3 meses a xornada completa.**

Os contratos rematarán en todo caso como data límite o 30 de setembro de 2021.

**Prazo de presentación de instancias:** 5 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

**Requisitos do posto de traballo:** recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 18 de Febreiro de 2021, a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz ([www.concellodefz.es](http://www.concellodefz.es)).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27 e 982.14.02.51

Foz, 18 de febreiro de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 0454

## FRIOL

### *Anuncio*

O PLENO DO CONCELLO, NA SESIÓN DO 18 DE FEBREIRO PRESTOU APROBACIÓN ÁS BASES REGULADORAS DE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O PLAN DE APOIO Á HOSTALERÍA DO CONCELLO DE FRIOL, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19 E AS RESTRICCIÓNS COMO CONSECUCIÓN DA PANDEMIA. OS/AS INTERESADOS/AS QUE CUMPRAN OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA CONVOCATORIA, PODERÁN PRESENTAR SOLICITUDE NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE FRIOL, NO MODELO NORMALIZADO SINALADO, OU BEN POR VÍA TELEMÁTICA A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA ACCESIBLE A TRAVÉS DO ENLACE [HTTPS://FRIOL.SEDELECTRONICA.GAL](https://friol.sedelectronica.gal). O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES SERÁ DE VINTE DÍAS HÁBILES, CONTADOS A PARTIR DO DÍA SEGUINTE Á PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO.

As actuacións da presente convocatoria quedan supeditas á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 1/2021, aprobado inicialmente na mesma sesión plenaria.

**1.- OBEXECTO DA CONVOCATORIA.-** O obxecto da mesma será paliar ou minimizar na medida do posible as consecuencias derivadas da grave crise económica que sofre o sector polo COVID-19. Elo á vista da situación

desde a declaración do Estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo. No Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, do Ministerio da Presidencia declara novamente o estado de alarma. O Congreso dos Deputados o 29 de outubro, autorizou a súa prórroga ata o 9 de maio de 2021. No Diario Oficial de Galicia núm. 16-bis de 26 de xaneiro publicouse polo Decreto 8/2001, de 26 de xaneiro da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da C.A. para facer fronte á crise sanitaria, na súa condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. No mesmo diario oficial, publicouse a Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro, pola que se establecen as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19. Na mesma obriga aos establecementos de hostalería e restauración (bares, cafeterías, restaurantes) a permanecer pechados ao públicos e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio, ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio.

Por todo elo, é a vista das restricións que sufriron no exercicio da súa actividade desde o inicio da pandemia, establécese a concesión das correspondentes axudas aos establecementos de hostalería e restauración, para intentar compensar parcialmente as perdas e axudas que sofre o sector, así como co obxecto do mantemento desde o Concello da actividade económica e protección do emprego neste sector no termo municipal de Friol.

O papel dos concellos nesta crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque as administracións do Estado e a autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego, así como a concesión de axudas por mor de acontecementos e situacións que supoñan perigo e necesidade. Considérase que os concellos poderán aprobar axudas respecto a materias que aínda que non se correspondan con competencias propias ou delegadas, estean motivadas cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar na medida do posible os efectos da crise provocada pola pandemia, sempre que non se poña en risco a sustentabilidade da facenda municipal.

Elo á vista, de que fracasou o intento de confeccionar un plan conxunto entre Xunta, FEGAMP e Diputacións de apoio á hostalería e ao turismo para mitigar os efectos da crise, sendo so principais puntos de discusión as cantidades a aportar por cada administración, así como quen xestionaría as axudas.

Lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (Art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

**2.- NORMATIVA APLICABLE.-** As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no que non estea previsto nas mesmas, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións (L.X.S.) e o Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (R.L.X.S.), na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

Ademais, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (U.E.) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos arts. 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (D.O.U.E. L352, de 24 de decembro de 2013).

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A tramitación de estas axudas, na medida do posible, realizarase por medios electrónicos, segundo o disposto no ar. 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As presentes bases, así como os actos administrativos que das mesmas se deriven estarán suxeitos ao disposto na lexislación de procedemento administrativo, así como á da xurisdición contencioso administrativa, no referente á súa posible impugnación.

**3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.-** A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de vinte mil euros (20.000,00€) do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 430-479, financiado mediante recursos propios e supeditada á aprobación da modificación orzamentaria habilitada ao efecto e que se somete a consideración do Pleno do Concello, na mesma sesión que a aprobación das bases.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento do programa. No caso de que finalizado o prazo de solicitudes se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderase ampliar o crédito ata a súa cobertura total, ou a do maior número delas posible.

**4.- CONTÍA DAS AXUDAS.**- CON BASE NO DISPOSTO NO ART. 30.7 DA L.X.S., CONCEDERASE UNHA CONTÍA FIXA DE MIL EUROS (1.000,00€) ÁS PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS E XURÍDICAS CON OU SEN PERSONALIDADE XURÍDICA PROPIA E CON OU SEN TRABALLADORES AO SEU CARGO, CANDO A ACTIVIDADE QUE VIÑESEN DESENVOLVENDO SE TIVESE VISTO AFECTADA POLO PECHE DE ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN DISPOSTO NA ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE 26 DE XANEIRO DE 2021, POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUCENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID (DIARIO OFICIAL DE GALICIA NÚM 16-BIS, DE 26 DE XANEIRO).

**5.- REQUISITOS PARA SER PERSOA OU EMPRESA BENEFICIARIA.**- PODERÁN SOLICITAR ESTA AXUDA AS PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS E PERSOAS XURÍDICAS, ASÍ COMO AS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS OU OUTRAS ENTIDADES SEN PERSONALIDADE XURÍDICA LEGALMENTE CONSTITUÍDAS, QUE LEVEN A CABO AS ACTIVIDADES DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN AFECTADA POLO PECHE ESTABLECIDO NA ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE 26 DE XANEIRO DE 2021, POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUCENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID (DIARIO OFICIAL DE GALICIA DE 26 DE XANEIRO). DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:

- a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa traballador autónomo ou entidade, con domicilio fiscal e, en todo caso o local de desenvolvemento da actividade, se atopen no termo municipal de Friol
- b) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social e en Facenda no momento da presentación da instancia.
- c) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no Art. 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (A.E.A.T.) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (T.G.S.S.). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.
- d) Non ter débeda algunha pendente co concello de Friol. Este requisito verificarase de oficio polo Concello e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

**6.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.**- DADO O CARÁCTER DE COMPLEMENTARIAS DAS AXUDAS REGULADAS POLA PRESENTE CONVOCATORIA, A SÚA CONCESIÓN SERÁ COMPATIBLE COAS QUE SE PUIDERAN OBTENIR DE CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. NO CASO DE QUE CON POSTERIORIDADE PUIDERA RESULTAR INCOMPATIBLE CON OUTRAS AXUDAS QUE SE CONVOQUEN POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS, PODERASE RENUNCIAR Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLO CONCELLO DE FRIOL, REINTEGRANDO O IMPORTE PERCIBIDO E ABOANDO ADEMAIS OS CORRESPONDENTES XUROS DE MORA XERADOS, SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI 38/2003 E DEMAIS NORMATIVA APLICABLE.

**7.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**- O MODELO DE SOLICITUDE NORMALIZADO PARA A OBTENCIÓN DAS SUBVENCIÓNS REGULADAS NA PRESENTE CONVOCATORIA ESTARÁ DISPOÑIBLE NA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO E NAS OFICINAS MUNICIPAIS.

Poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Friol, no modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior, ou ben por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello accesible a través do enlace <https://friol.sedelectronica.gal>. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (B.O.P.).

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido será causa de inadmisión da solicitude. A non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, será defecto subsanable no prazo que se conceda para elo.

**8.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.**- A SOLICITUDE NORMALIZADA DEBERÁ ASINARSE POLA PERSOA INTERESADA OU POLO SEU REPRESENTANTE LEGAL E DEBE ACOMPAÑARSE OBRIGATORIAMENTE DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- a) N.I.F. ou N.I.E. acompañado de pasaporte no caso de autónomos. No caso de pequenas empresas xuntarse copia do D.N.I. do administrador ou apoderado e do C.I.F. da persoa xurídica solicitante.
- b) Copia no seu caso de escritura da entidade mercantil ou contrato de constitución da entidade sen personalidade xurídica. As entidades sen personalidade xurídica deberan achegar declaración asinada polos comeneiros ou socios, conforme delegan a representación para solicitar a subvención e no seu caso, recibila nun dos comeneiros ou socio. A resolución de concesión conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, ou no seu caso do reintegro.
- c) Certificado actualizado de situación censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- d) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- e) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso no seu caso da subvención.

- f) Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:
- Que a actividade que viña desenvolvendo se viu obrigada a cesar polo peche de establecementos disposto na Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID ( Diario Oficial de Galicia de 26 de xaneiro).
  - Que se compromete a manter a actividade durante o período de 3 meses como mínimo a partir do día seguinte a data de concesión da axuda económica.
  - Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do Art. 13 e o apartado 5 do Art. 34 da mesma.
  - Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no Art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- g) Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social, ou autorización para que o Concello poida consultar os datos. Non obstante, no caso de que a persoa ou entidade solicitante da subvención tivese concedido un fraccionamento/aprazamento de débedas, deberá axuntar á solicitud a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á súa concesión.
- h) Designación dunha dirección de correo electrónico habilitado no que efectuar as notificacións derivadas da presente convocatoria.

**9.- PROCEDEMENTO E INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO.-** O procedemento da tramitación e concesión das axudas reguladas na presente convocatoria, realizarase de acordo co establecido no Art. 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A instrución do procedemento corresponderá ao Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

A concesión das axudas efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación e tramitación a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitud, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. A concesión efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da convocatoria.

O Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente. Previamente á elaboración da proposta, publicaranse a efectos de notificación na sede electrónica do concello, as seguintes listaxes:

- a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitud, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.
- b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitud desestimada.
- c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida na convocatoria con indicación da documentación requirida. Ás que se lles outorgará un prazo de 5 días hábiles para que emenden a súa solicitud e presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local, elevará a proposta de acordo ao órgano competente, procedendo á súa posterior publicación na sede electrónica do concello. A resolución de concesión e/ou denegación corresponderá á Xunta de Goberno.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de tres meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na Lei Reguladora da Devandita Xurisdición.

**10.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.-** Serán obrigas dos beneficiarios das axudas:

- a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao da concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de

subvencións a exercer pola Intervención municipal.

- c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no Art. 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no Art. 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o Art. 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do Art. 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

En todo caso, deberán dar a axeitada publicidade á axuda concedida polo Concello de Friol, no que figure o logo e lenda municipal, mediante a colocación de cartel publicitario ou placa explicativa, que deberá manterse durante o prazo de tres meses, contados a partir da notificación da resolución do prazo de concesión da axuda. A non acreditación da difusión da axuda recibida do Concello é unha das causas de reintegro da subvención, segundo o establecido na lexislación vixente.

f) Xustificar a subvención segundo o establecido na base seguinte.

**11.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS.-** O CONTROL DAS OBRIGAS ESIXIDAS NO PUNTO ANTERIOR DA PRESENTE CONVOCATORIA, EFECTUARASE MEDIANTE A COMPROBACIÓN DE OFICIO POLO SERVIZO DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO.

A persoa ou entidade beneficiaria das axudas, unha vez transcorrido o prazo de 3 meses da concesión das mesmas, deberá presentar no cuarto mes a contar a partir do día seguinte ó da notificación/publicación da concesión da subvención:

- Certificado actualizado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/certificación do alta no réxime correspondente da Seguridade Social actualizado á data de presentación da xustificación.

**12.- PAGAMENTO DAS AXUDAS.-** REALIZARASE A PARTIR DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS MESMAS, UN PAGO ÚNICO POLA TOTALIDADE DO IMPORTE CONCEDIDO, MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA, SEN QUE SEXA NECESARIA A CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS.

No caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

**13.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS.-** O REINTEGRO DO IMPORTE PERCIBIDO, CANDO CUMpra, REXERASE POLO DISPOSTO NO TÍTULO II DA L.X.S. E POLO TÍTULO III DO R.L.X.S.

Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no Art. 36 da L.X.S., darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no Art. 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante o prazo mínimo dos tres meses establecidos no punto 10 das presentes bases, procederá o reintegro da parte proporcional dos meses pendentes de cumprimento.

Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión das axudas, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para elo, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Ademais, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

Friol, 19 de febreiro de 2021.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ángel Santos Sánchez.

**ANEXO I. – SOLICITUDE DE AXUDA****AXUDAS ECONÓMICAS AXUDAS PARA O PLAN DE APOIO Á HOSTALERÍA DO CONCELLO DE FRIOL, PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19 E AS RESTRICCIÓNS COMO CONSECUENCIA DA PANDEMIA E DAS RESTRICCIÓNS COMO CONSECUENCIA DA ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE 26 DE XANEIRO.-**

D/Dna.: \_\_\_\_\_ N.I.F./N.I.E. nº\_\_\_\_\_ teléfono de contacto \_\_\_\_\_ e enderezo electrónico \_\_\_\_\_ en nome propio ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de \_\_\_\_\_ (indique o nome da persoa física ou xurídica beneficiaria), tendo coñecemento da convocatoria de axudas para o plan de apoio á hostalería para paliar os efectos da pandemia e das restriccións como consecuencia da orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro, convocadas polo concello de Friol (B.O.P. Lugo nº \_\_\_\_\_ ).

**EXPÓN**

Que, considera que reúne todos os requisitos esixidos , segundo amosan os documentos que se achegan, e acepta expresamente todos os termos da convocatoria

**SOLICITO:**

A CONCESIÓN DUNHA AXUDA ao abeiro das bases reguladoras das axudas convocadas ao efecto polo Concello de Friol.

Friol, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

(Sinatura do declarante)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co establecido na normativa de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, informámoslle que os datos persoais recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fin indicados polo Concello de Friol. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentemento das persoas interesadas. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatario da información é o Concello de Friol. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en Praza España, 4 Friol (Lugo).



**ANEXO II DECLARACION RESPONSABLE****AXUDAS PARA O PLAN DE APOIO Á HOSTALERÍA DO CONCELLO DE FRIOL, PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19 E AS RESTRICCIÓNS COMO CONSECUENCIA DA PANDEMIA E DAS RESTRICCIÓNS COMO CONSECUENCIA DA ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE 26 DE XANEIRO.-**

D. / Dna.: \_\_\_\_\_ con N.I.F./N.I.E. nº. \_\_\_\_\_ en calidade de solicitante ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de \_\_\_\_\_ (indique o nome da persoa física ou xurídica beneficiaria), na presente convocatoria de axudas económicas do concello de Friol para o Plan de apoio á hostalería para paliar os efectos da pandemia e das restriccións como consecuencia da orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro.

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que a actividade que viña desenvolvendo se viu obrigada a cesar polo peche de establecementos de hostalería e restauración (bares, cafeterías, restaurantes) segundo o disposto na orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID 19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que se compromete a manter a actividade durante o período mínimo de tres meses dende a data de concesión da axuda económica, asumindo o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do Art. 13 e o apartado 5 do Art.34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no Art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que se compromete á comunicación das axudas concedidas para a mesma finalidade, así como o compromiso de comunicar o mais axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que no caso de tratarse de comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos Art. 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no Art. 11 da devandita Lei.

Friol, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

(Sinatura do declarante)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co establecido na normativa de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, informámoslle que os datos persoais recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fin indicados polo Concello de Friol. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentemento das persoas interesadas. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatario da información é o Concello de Friol. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en Plaza de España, 4, 27220. Friol (Lugo)

Friol, 19 de febreiro de 2021.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0455

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, anuncio:

Na sesión plenaria celebrada o día 24 de setembro de 2020 aprobouse inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación do servizo de escola infantil municipal.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, iniciouse un prazo de trinta días durante o cal os interesados puideron examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Unha vez transcurrido o dito prazo conséntase que non se presentou alegación algunha, motivo polo cal elévase a definitivo o acordo de aprobación da seguinte:

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

#### **Artigo 1.- Imposición e ordenación**

No uso das facultades previstas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consonte ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.

#### **Artigo 2. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da presente ordenanza fiscal a prestación do servizo social comunitario de escola infantil municipal

#### **Artigo 3. Suxeitos obrigados.**

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como taxa as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta na escola infantil municipal, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

#### **Artigo 4. Pago.**

1. O pagamento das cotas realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.
2. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.
3. A falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.
4. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

#### **Artigo 5. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.**

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das cotas tributarias determinadas no anexo da presente ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
- Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
  - Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - Os/as fillos/as maiores de dezaoto anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

#### **Artigo 6. Suspensión temporal da cota.**

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de non asistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Alcalde, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o Alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

### **ANEXO**

#### **1. Prezo da atención educativa.**

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda da unidade familiar.

#### **2. Prezo por servizos complementarios.**

a) Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en 74,05 € mensuais.

Segundo a renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

**b) Horario ampliado.**

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

c) Hora extraordinaria: entendendo por tal a prestada ao marxe do horario habitual do neno e con carácter non periódico, e cuxo prezo será de 3 euros/hora.

O prezo da hora extraordinaria ou ampliada non estará suxeito a ningunha redución.

**3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:**

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM ( indicador público de renda de efectos múltiples).

Prezo da praza: con servizo de comedor 0 €; sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26€.

**4. Descontos.**

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando o neno/a para o que se solicita praza ocupa o segundo lugar ou sucesivo no número de orde dos/as fillos/as que compoñen a unidade familiar aplicarase para estes o 100 % de bonificación das cantidades correspondentes a atención educativa segundo o establecido na disposición adicional novena da Lei 3/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento”.

Outeiro de Rei, 18 de febreiro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0456

---

**Anuncio**

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, anuncio:

Na sesión plenaria celebrada o día 24 de setembro de 2020, aprobouse inicialmente a ordenanza Ordenanza reguladora dos prezos públicos establecidos pola prestación dos servizos, actividades, clases ou obradoiros nos eidos cultural, social e deportivo.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, iniciouse un prazo de trinta días durante os cales os interesados puideron examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Unha vez trascurrido o dito prazo, conséntase que non se presentou alegación ou suxerencia algunha, motivo polo cal enténdese elevado a definitivo o acordo inicial de aprobación da seguinte:

## **ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS ESTABLECIDOS POLA PRESTACION DE SERVIZOS, ACTIVIDADES, CLASES OU TALLERES NOS EIDOS CULTURAL, SOCIAL E DEPORTIVO**

### **Artigo 1. IMPOSICIÓN**

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos os do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Outeiro de Rei na súa calidade de Administración Pública territorial, establécense os prezos públicos pola prestación dos servizos, programas ou actividades a continuación relacionados:

- a) Actividades deportivas, incluíndo o uso de espazos deportivos.
- b) Actividades culturais e de lecer.
- b) Actividades dirixidas á muller e/ou maiores
- c) Actividades de conciliación da vida familiar e laboral.

### **Artigo 2. OBRIGADOS AO PAGO.**

1. Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, os usuarios ou beneficiarios dos servizos obxecto da presente ordenanza. Tratándose se menores de idade, virán obrigados ao pago da exacción os proxenitores, tutores ou responsables legais ou de feito dos nenos/ as que soliciten ou se beneficien dos mesmos.

2. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

### **Artigo 3. CUOTA.**

A contía que corresponde abonar en concepto de prezo público por prestación dos servizos a que se refire esta Ordenanza será determinada pola Xunta de Goberno Local.

A tal efecto, o servizo correspondente deberá formular unha memoria económica desagregada expresiva da totalidade dos custes previstos de cada actividade ou programa, así coma unha descripción das acción e prestacións incluídas na mesma.

Na memoria económica figurarán os custes directos de persoal e contratacións necesarios para a prestación do servizo ou actividade, así coma os custes indirectos imputables.

Para o cálculo dos custes indirectos, proporase á imputación a dito servizo ou actividade de unha porcentaxe sobor os gastos ordinarios do área funcional correspondente.

O importe do prezo público, con carácter xeral, será igual ou superior ao custe da actividade ou programa salvo nos seguintes suposto:

- Actividades dirixidas de xeito específico as mulleres, a menores de 18 anos ou maiores de 65 anos.
- Actividades de conciliación da vida familiar e laboral.

No suposto de que a actividade sexa financiada total ou parcialmente por terceiros, o importe a considerar no cálculo do custe a repercutir aos obrigados se limitará ao importe non financiado.

### **Artigo 4. OBRIGACIÓN E FORMA DE PAGO.**

A obrigación de pago dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace no momento en que, previa solicitude do interesado, se autorize a realización da actividade obxecto da mesma, coas normas de xestión reguladas no presente texto.

A forma de pago dos prezos públicos efectuarase mediante autoliquidación, nun só pago que deberá realizarse obrigatoriamente unha vez comunicada a admisión no curso ou actividade de que se trate polos órganos municipais, e en todo caso con carácter previo ao comezo da actividade.

No suposto de que non exista limitación de prazas ou ben que a adxudicación de prazas se efectúe por orde temporal de inscrición, o pago se efectuará simultaneamente coa solicitude de matriculación, debendo xuntarse o xustificante de pago conxuntamente coa solicitude.

Cando se trate dunha actividade continuada no tempo durante varios meses realizarase mediante autoliquidación a cota correspondente á reserva de praza e primeira mensuralidade, debendo facilitar beneficiario ou número de conta bancaria para que poidan ser virados os recibos correspondentes ao resto de mensuralidades ou calquera outro período que se estableza.

#### **Artigo 6. FALTA DE PAGO**

As débedas por prezos públicos poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de constreñimento, segundo establece o artigo 46.3 do Real decreto legislativo 2/2004 Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Outeiro de Rei, 18 de febreiro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0457

## **RIBEIRA DE PIQUÍN**

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 08 de xaneiro de 2021, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 4º TRIMESTRE DE 2020**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA.**

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de marzo de 2021 ó día 30 de abril de 2021, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

**CANON DA AUGA:** A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

En Ribeira de Piquín, a 11 de febreiro de 2021.- Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 0461

### *Anuncio*

Por acordo do Pleno desta Corporación de data 2 de decembro de 2020 aprobáronse os estatutos da Fundación “TerrEo”, os cales se someteron ao trámite de información pública a través da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294, de data 23 de decembro de 2020, publicándose o seu contido íntegro para o xeral coñecemento:

#### **“ESTATUTOS DA FUNDACIÓN TERREO**

##### **TÍTULO PRIMEIRO**

##### **DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Artigo 1. Denominación e natureza**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de “Fundación TerrEo”, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo

patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

#### **Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación**

O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente en Chao do Pousadoiro, s/n 27242 Ribeira de Piquín (Lugo).

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

#### **Artigo 3. Personalidade e capacidade**

A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

#### **Artigo 4. Duración**

A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se consideraren cumpridos, ou for imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.

#### **Artigo 5. Réxime normativo**

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

### **TÍTULO SEGUNDO**

#### **OBXECTO DA FUNDACIÓN**

##### **Artigo 6. Fins**

A Fundación ten por obxecto a posta en valor e o aproveitamento do patrimonio, co fin de fomentar o desenvolvemento rural e impulsar a economía social local e a creación de emprego en Ribeira de Piquín e a súa contorna, contribuíndo a frear a despoboación do municipio.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

##### **Artigo 7. Actividades fundacionais**

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- a) Acondicionamento e aproveitamento de bens e terras en desuso para destinalas á produción ecolóxica en diferentes modalidades.
- b) Formación e creación de convenios de prácticas ou voluntariado con universidades e/ou empresas.
- c) Divulgación e publicidade das accións levadas a cabo pola fundación.
- d) Dinamización económica do municipio e a súa contorna, con especial énfase da economía social.

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

## **Artigo 8. Liberdade de actuación**

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.

## **TÍTULO TERCEIRO**

### **REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS**

#### **Artigo 9. Destino das rendas e ingresos**

A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio.

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

#### **Artigo 10. Publicidade das actividades**

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.

#### **Artigo 11. Persoas beneficiarias**

Os fins da Fundación están dirixidos, con carácter xenérico, ás seguintes colectividade de persoas:

- a) Persoas residentes neste municipio que precisen unha oportunidade laboral e/ou queiran contribuir á conservación e aproveitamento do patrimonio e os espazos naturais.
- b) Persoas residentes noutros municipios que precisen unha oportunidade laboral e/ou queiran contribuir á conservación e aproveitamento do patrimonio e os espazos naturais.
- c) Persoas titulares de bens en desuso que queiran poñelos a disposición da fundación para o seu aproveitamento.

A determinación das persoas beneficiarias será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

As regras básicas para a determinación dos beneficiarios son as seguintes:

- a) A selección realizarase segundo criterios de imparcialidade e non discriminación.
- b) Poderán ser beneficiarias todas aquelas persoas que teñan interese na promoción da economía social e o desenvolvemento rural de Ribeira de Piquín e a súa contorna, que posúan o perfil profesional que se requira en cada caso para o desempeño de determinados postos de traballo e que, preferentemente, residan no municipio ou comarca.

## **TÍTULO CUARTO**

### **ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN**

#### **I – ÓRGANOS DE GOBERNO**

##### **Artigo 12. O Padroado**

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

##### **Artigo 13. Carácter gratuíto do cargo de patrón**

As persoas membros exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.



**Artigo 14. Composición**

O Padroado estará composto por un mínimo de 3 e un máximo de 5 persoas. Dentro destes límites, corresponderalle ao Padroado determinar o número concreto de membros.

Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.

Os patróns que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón designado por el.

**Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros**

A designación dos membros que integren o primeiro Padroado será efectuada polos fundadores e constará na escritura de constitución.

A designación de novos membros será realizada polo Padroado que figure inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, por acordo da maioría dos seus membros

O patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de 5 anos.

O Padroado, dentro do último mes do período do mandato vixente, procederá á designación dos novos membros.

**Artigo 16. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro**

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, e acreditarase mediante certificación expedida polo secretario co visto e praxe do presidente.

A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**Artigo 17. Organización do Padroado**

O Padroado designará de entre os seus membros un presidente e un vicepresidente, de ser o caso.

Así mesmo, o Padroado designará un secretario, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto.

**Artigo 18. O presidente**

Ao presidente correspóndelle exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; acordar a convocatoria das reunións do Padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.

O presidente dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado.

**Artigo 19. O vicepresidente**

Corresponderalle ao vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

**Artigo 20. O secretario**

Son funcións do secretario:

- Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.
- Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.
- Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.
- Expedir as certificacións co visto e praxe da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo Padroado.
- Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, a secretaria será substituída polo membro do Padroado de maior idade. ....

#### **Artigo 21. Facultades do Padroado**

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:

- a) Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.
- c) Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.
- d) Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.
- f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- g) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:
  - A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
  - A modificación dos estatutos.
  - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
  - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.

#### **Artigo 22. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado**

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Son obrigas dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Son dereitos dos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto.
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

#### **Artigo 23. Responsabilidades dos patróns**

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

#### **Artigo 24. Cesamento e suspensión dos membros do Padroado**

O cesamento e suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A renuncia ao cargo de patrón poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

O cesamento e a suspensión dos membros do Padroado comunicáraselle ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

### **Artigo 25. Reunións do Padroado**

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Cursarase por escrito e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os patróns, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

### **Artigo 26. Formas de deliberar e adoptar acordos**

O Padroado entenderanse validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes; en caso de empate será dirimente o voto do presidente. Non obstante, requirirase voto favorable de 3/4 partes dos membros do Padroado para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, e á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión ou á extinción da Fundación.

Das reunións do Padroado elaborará a acta o secretario, que deberá ser subscrita por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

## **II – ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN**

### **Artigo 27. Consellos asesores**

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.

### **Artigo 28. Xerente**

O Padroado poderá acordar a contratación dun director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. A súa designación e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.

## **TÍTULO QUINTO**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 29. Patrimonio fundacional**

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

#### **Artigo 30. Adscrición do patrimonio fundacional**

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

#### **Artigo 31. Financiamento**

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aqueles procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela ás persoas beneficiarias sempre que isto:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexa contrario á vontade fundacional.
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito das persoas beneficiarias.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerá de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

### **Artigo 32. Plan de actuación**

O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa. O dito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Artigo 33. Contas anuais**

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, o cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres (3) primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarase, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

### **Artigo 34. Exercicio económico**

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural.

## **TÍTULO SEXTO**

### **DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN**

#### **Artigo 35. Modificación de estatutos**

Por acordo do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Procederá á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

#### **Artigo 36. Fusión e/ou escisión**

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

#### **Artigo 37. Extinción da Fundación**

A Fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos na normativa vixente.

#### **Artigo 38. Liquidación e adxudicación**

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### **Artigo 39. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro**

Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación será necesario o voto favorable da metade mais un dos membros do Padroado.

Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**CLÁUSULA ADICIONAL**

O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.

A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial, que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles.”

Ribeira de Piquín, 24 de febreiro de 2021.- Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 0497

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO***Anuncio*

D. DAVID SANTOS RÍO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. AVELINO BERNÁRDEZ SILVOSA contra NORTE ASIS REPARAR, S.L.U., en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 978 /2020 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a **NORTE ASIS REPARAR S.L.U.**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 27/4/2021 a las 12:20 horas**, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo, se ha acordado citar para su asistencia al acto de juicio al representante legal de NORTE ASIS REPARAR, S.L.U., a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **NORTE ASIS REPARAR S.L.U.**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y colocación en el tablón de anuncios de este Juzgado.

En LUGO, a diecinueve de febrero de dos mil veintiuno.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0462

**XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO***Anuncio*

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento PO 275/19 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de D. CARLOS ALVARIÑO LOPEZ contra a empresa VICENTE BERDEY LOSADA, sobre reclamación de cantidade, ditouse sentenza en data 02/02/21, cuxa parte dispositiva se adxunta: **“DECISIÓN.-1. Acollo a demanda formulada por Carlos Alvariño López contra VICENTE BERDEY LOSADA polo que condeno a VICENTE BERDEY LOSADA ao pagamento a Carlos Alvariño López de 13171,88 euros brutos, sobre os que se devengarán os xuros legais ordinarios.-2. As devanditas cantidades serán aboadas polo FOGASA de conformidade cos requisitos legais e regulamentarios que, no seu caso procedan.-3. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por VICENTE BERDEY LOSADA.-**Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que poden formular un **recurso**

**de suplicación** ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, recurso que, de ser o caso, deberán anunciar ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou por escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da resolución e depositando as cantidades previstas legalmente na conta do xulgado, indicando o número de autos.-De non se anunciaren o recurso contra a resolución, deberán archivarase as actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.-

Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.”

E para que sirva de notificación en legal forma a **VICENTE BERDEY LOSADA**, en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de LUGO .

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

En LUGO, a 18 de febreiro de dous mil vinte.- **A LETRADO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 0463

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES. EXPEDIENTE: V/27/10044

PETICIONARIO: Enrique Maceira Maqueira. VERTIDO DENOMINACIÓN: Apartamentos rurales en Murias. LOCALIDAD: Murias. TÉRM. UNICIPAL: Baleira. PROVINCIA: Lugo. RÍO/CUENCA: ---/---

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales domésticas de "Apartamentos rurales en Murias" – "Enrique Maceira Maqueira", con un volumen máximo anual de 548 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos: Fosa séptica (Decantador-Digestor con filtro biológico). Arqueta-punto de control de características del vertido. Sistema de filtración a través del terreno mediante zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Oviedo (Plaza de España nº 2 - C.P. 33071).

Oviedo, a 17/02/2021.- LA JEFA DE SERVICIO DE CONTROL DE CALIDAD Y VERTIDOS, Iria García González.

R. 0431

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) BEGONTE

#### *Anuncio*

Extracto do Acordo do Pleno do 19 de febreiro de 2021 polo que se aproban as Bases reguladoras das axudas para o plan de apoio á hostalería e restauración no termo municipal de begonte, para paliar os efectos da situación de peche provocado polo COVID-19.

BDNS (Identif.):550096

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/550096>)

#### **Primeiro. Beneficiarios:**

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as persoas físicas autónomas e persoas xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades de hostalería e restauración afectadas polo peche derivado do R.D.

926/2020, do 25 de outubro e establecido despois na Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021 ( DOG nº 26-Bis , do 26 de xaneiro ), e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa traballador autónomo ou entidade, de acordo a este punto 1.
- b) Que a actividade que desenvolven viuse afectada polo peche de establecementos disposto no R.D. 926 /2020, do 25 de outubro e Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021.
- c) Que o domicilio fiscal e, no seu caso o local de desenvolvemento da actividade, atópense no termo municipal de Begonte
- d) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social e en Facenda no momento da presentación da instancia.
- e) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.
- f) Non ter débeda algunha pendente co concello de Begonte. Este requisito verificarase de oficio polo Concello e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

**Segundo. Finalidade:**

Concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva ás persoas físicas autónomas e persoas xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades de hostalería e restauración afectadas polo peche derivado do R.D. 926/2020, do 25 de outubro e establecido despois na Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021.

**Terceiro. Bases reguladoras:**

Acordo do Pleno do 19 de febreiro de 2021.

**Cuarto. Importe:**

Concederáse unha única axuda por establecemento por unha contía fixa de mil euros (1.000,00€).

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP Lugo).

BEGONTE, 19 de febreiro de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0502